

Información ás familias sobre confinamentos do alumnado.

Este documento recolle como se levarán a cabo as clases na aula do seu/súa fillo/a nos seguintes casos:

- Confinamento ou peche da aula na súa totalidade
- Peche total do centro
- Confinamento dun ou varios/as alumnos/as na aula

Tanto o peche dunha ou varias aulas, o peche do centro ou confinamento de alumnado dunha aula, é unha decisión que adoptan as Autoridades Sanitarias, non a dirección do centro.

Tamén se recolle aquí como se comunicará coa familia o centro e o profesorado que imparte clase na aula.

Despois de tomada a decisión do peche da aula ou do centro, aplicarase o chamado Plan de Continxencia (está publicada na web do colexio www.colecarino.net a súa última actualización)

1.- Comunicación co centro e a persoa titora.

Cando a familia necesite comunicarse coa directora do centro farase a través do teléfono 881880334 ou do correo ceip.manuel.fraga@edu.xunta.gal

En canto á comunicación das familias coa titora de 2ºB, farase a través dos medios oficiais á disposición da comunidade educativa: en primeiro lugar, a través da aplicación Abalar e AbalarMobil (familias); a titora enviará comunicacións xerais de aula a través da mensaxería e/ou algúns avisos individuais (pais/nais en dun alumno/a en concreto).

As titorías serán telefónicas durante os confinamentos breves de alumnado. En caso de confinamento total do alumnado (da aula ou centro), as titorías tamén poderán ser a través de videochamada ou información por correo electrónico e/ou Abalar.

2.- Planificación docente para o ensino non presencial.

Área	Procedemento de traballo.
Lingua Galega, Lingua Castelá, Matemáticas, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais e Plástica	<p>Para confinamentos breves e/ou con pouco número de alumnado confinado:</p> <ul style="list-style-type: none">✓ O espazo da aula virtual para esta área inclúe un apartado coa data e indicacións sobre os contidos e actividades a traballar: en libro, online, en pdf para imprimir ou pdf editable, copiar en folio, na libreta ou facer de forma oral.✓ O traballo publícase na aula virtual diariamente e de forma paralela ao ensino presencial.✓ A entrega de traballos en papel/libro/libreta á titora farase unha vez que o alumnado retome o ensino presencial. <p>No caso de confinamentos prolongados ou peche de aula ou centro:</p> <ul style="list-style-type: none">✓ O traballo a realizar será publicado na aula virtual de forma semanal, para dar máis marxe de organización ás familias.

	<ul style="list-style-type: none"> ✓ A entrega de traballos á titora farase a través das tarefas propostas na aula virtual ou a través do correo electrónico nos formatos que se soliciten nese momento (pdf, jpg, documento de texto, etc). <p>No caso de que as familias teñan dificultades tecnolóxicas de acceso á aula virtual:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ O traballo será enviado por correo electrónico ás familias, se así o solicitan, e será entregado á titoría do mesmo xeito, por email. <p>*No caso concreto de alumnado que non teña conexión a internet, artellarase o xeito de facerlle chegar o traballo impreso, detallado e secuenciado para os días que dure o confinamento parcial, e de ser total, traballo quincenal detallado, informando á familia mediante chamada telefónica.</p> <p>*Alumnado NEAE ou de/con apoio educativo: Seguiranse as mesmas pautas en todos os casos, cun plan de traballo adaptado ás súas necesidades en colaboración co Departamento de Orientación (D.O.) do centro (contarán cun espazo propio na aula virtual).</p>
<p>Inglés</p>	<p>Para confinamentos breves e de poucos alumnos/as:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. O traballo publicarase na aula virtual de 2ºB no apartado de inglés diariamente e de xeito paralelo ao ensino presencial. 2. O traballo feito na casa entregarase a mestra de inglés unha vez que o alumno volva ao ensino presencial. <p>O contacto coas familias farase a través da Espazo Abalar, aula virtual ou correo electrónico.</p> <p>Para confinamento de aula ou de centro:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Traballarase principalmente a través da aula virtual. 2. Publicaranse tarefas semanais para as que o alumnado terá que proporcionar unha resposta(realizar exercicios nos libros, completar fichas, escoitar algún audio...). 3. Os traballos realizados serán entregados a través das tarefas creadas e farase semanalmente, é dicir o venres as 13:00 terán que estar enviadas.
<p>Educación Física</p>	<p>No caso de escoller ensino virtual:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ O traballo publícase na aula virtual por quincenas. Existen tres apartados: un espazo para a lectura e a visualización de vídeos, as tarefas para realizar durante esa quincena, e unha proposta de actividade física. ✓ A comunicación co mestre para as consultas e resolución de dúbidas será mediante foros e a mensaxería. O alumnado poderá ser convocado a videoconferencias. <p>En caso de confinamentos breves e co alumnado con dificultades para a conexión:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Utilizarase unha libreta (ou follas soltas) para a realización das

	<p>tarefas. Esta libreta debe ser entregada ao incorporarse de novo ao centro para a revisión.</p> <p>No caso de escoller ensino non dixital:</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ O alumnado deberá realizar na libreta as tarefas que se describen na aula virtual e que tamén recibirán no email da nai/pai. A proposta de traballo será quincenal.
Música	<p>No caso da ensinanza online, publicarase na aula virtual quincenalmente actividades que abarquen os contidos correspondentes a cada un dos bloques da materia.</p> <p>Para calquera dúbida, a comunicación coa mestra será a partir da aula virtual, ou ben do espazo Abalar.</p> <p>Ditas tarefas poden subirse á aula virtual, envialas ao correo que facilitará a propia docente.</p> <p>Por outra banda, de escoller o ensino non dixital o alumnado realizará igualmente as actividades (que a profesora remitirá a un correo familiar), tamén publicadas quincenalmente, en follas soltas que deberá entregar feitas ao incorporarse ao centro.</p>
Relixión	<ul style="list-style-type: none"> · O traballo para facer publicarase na aula virtual de forma semanal. <ul style="list-style-type: none"> · A entrega de traballos farase a través de correo electrónico, mensaxería ou a través da aula virtual. · No caso de familias con dificultades tecnolóxicas poderase enviar o traballo ao correo electrónico das familias (se o solicitan). · O contacto coas familias terá lugar a través de Abalar Móbil, correo electrónico e do teléfono.
Pedagogía Terapéutica	<ul style="list-style-type: none"> ● Queda habilitado un curso xeral (Departamento de Orientación), aberto para familias, profesorado e alumnado, que actuará como banco de recursos. ● O/a alumno/a estará matriculado/a na Aula Virtual do seu curso, así coma nun curso específico (titulado “AULA N°...”) para a súa atención por parte dos especialistas do departamento de orientación (orientadora, PT e AL); pero debido a dificultade de ter acceso a internet na súa casa, as actuacións para a programación de actividades e tarefas para o fogar serán: <ul style="list-style-type: none"> - Recompilaráse o material impreso necesario para que o/a alumno/a poida progresar no seu aprendizaxe na súa casa, na mesma liña na que se facía no colexio. - Temporalizarase a súa realización tendo en conta as necesidades da alumna e o tempo que vaia permanecer no fogar. - Daranse pautas ás familias para traballar co/a neno/a.

	<ul style="list-style-type: none"> - Propóranse outras actividades de tipo manipulativo ou sensorial para facer na casa tendo en conta os materiais presentes neste contexto. ● O contacto con el/ela e a súa familia levarase a cabo deste xeito: <ul style="list-style-type: none"> - Realizaranse chamadas periódicas á familia para resolver as súas dúbidas e apoiar a realización das actividades. - Establecerase un tempo semanal para poñerse en contacto co departamento de orientación (orientadora, PT e AL). ● O horario espello de atención telemática ás familias por parte da orientadora será os martes á hora que se conveña a reunión. Por parte das especialistas en Pedagogía terapéutica e Audición e Linguaxe será cando o seu horario lle permita, pois non hai un horario de atención fixa semanal nos primeiros cursos de Educación Primaria. Atenderase ao alumnado dentro do tempo establecido pola titoría coa maior celeridade posible.
<p>Audición e Linguaxe</p>	<ul style="list-style-type: none"> ● Queda habilitado un curso xeral (Departamento de Orientación), aberto para familias, profesorado e alumnado, que actuará como banco de recursos. ● O/a alumno/a estará matriculado/a na Aula Virtual do seu curso, así coma nun curso específico (titulado “AULA Nº...” para a súa atención por parte dos especialistas do departamento de orientación (orientadora e AL). As actuacións para a programación de actividades e tarefas para o fogar serán: <ul style="list-style-type: none"> - Subiránse diversos materiais na aula virtual secuenciados para a súa realización dende o fogar. - Temporalizarase a súa realización tendo en conta as necesidades da alumna e o tempo que vaia permanecer no fogar. - Daránse pautas ás familias para traballar coa nena. - Propóranse outras actividades de tipo manipulativo ou sensorial para facer na casa tendo en conta os materiais presentes neste contexto. ● O contacto con el/ela e a súa familia levarase a cabo deste xeito: <ul style="list-style-type: none"> - Realizaránse chamadas e videochamadas periódicas á familia para resolver as súas dúbidas e apoiar a realización das actividades e tamén se manterá a comunicación a través da mestra titora. - Establecerase un tempo semanal para poñerse en contacto co departamento de orientación (orientadora e AL). ● O horario espello de atención telemática ás familias por parte da orientadora será os martes á hora que se conveña a reunión. Por parte da especialista en Audición e Linguaxe será cando o seu horario lle permita, pois non hai un horario de atención fixa semanal nos primeiros cursos de

	Educación Primaria. Atenderase ao alumnado dentro do tempo establecido pola titoría coa maior celeridade posible.
--	---

2.1.- Equipamento necesario para o seguimento das clases a distancia.

Para seguir dun xeito efectivo o ensino a distancia cómpre que o alumnado dispoña dalgún equipo tecnolóxico para poder realizar algunhas das tarefas propostas: ordenador sobremesa, portátil, tablet ou móbil con conexión a internet.

En caso de non telo, tal e como se especifica en cada área, artellarase o envío das tarefas impresas ou chamarase por teléfono ás familias para informar das tarefas a facer durante un posible confinamento breve ou informar do traballo quincenalmente, durante un confinamento total.

2.2.- Solicitud de equipamento.

No caso de confinamento do alumnado, as familias poden poñerse en contacto co colexio para comunicar a necesidade dun equipo informático e/ou unha conexión a internet, se non dispón no seu fogar, ou non ten posibilidade de obtelo, para poder seguir desde a casa a actividade educativa. O colexio remitirá a solicitude ao departamento correspondente da Consellería de Educación. De ser aceptada a solicitude, entregarase o equipamento á familia unha vez asinado o "Acordo de Cesión".

3.- Horarios.

3.1.- Confinamento dun/dunha alumno/a.

Para confinamento dun/dunha alumno/a ou de varios, establecerase o mesmo horario ca o da aula, especificado nun apartado ben visible na aula virtual.

Neste apartado irá detallado día a día e por áreas o procedemento de traballo a realizar: no libro, na libreta, enlaces a páxinas web ou vídeos, fichas interactivas, etc.

3.2.- Confinamento do grupo.

No caso de confinamento total do grupo planificarase o traballo na aula virtual de forma semanal e contacto contínuo coa titora para resolución de dúbidas ou problemas que poidan xurdir (a través de Abalar, o foro da aula virtual ou email).

Para as titorías poderán facerse videochamadas, chamadas ou recibir a información por email.

3.3.- Peche do centro.

Neste caso, o procedemento sería igual ca o anterior; planificarase o traballo das distintas áreas da titoría na aula virtual semanalmente.

A titora estará en contacto coas familias a través das canles mencionadas: Abalar, correo electrónico, teléfono e/ou videochamada.

3.4.- Titoría co alumnado.

En caso de confinamento breve do alumnado establecerase os martes pola tarde, de 16 a 17 horas, o

horario de tutoría co alumnado (con cita previa), aínda que poderemos usar o foro ou a mensaxería da aula virtual para as dúbidas que lles xurdan indistintamente do horario aquí marcado.

En caso de confinamento do grupo ou peche do centro establecerase unha hora diaria de 12 a 12:30 horas (tempo de recreo) para tutorías co alumnado a través de chamada ou videochamada, no caso de que así o soliciten (para resolución de dúbidas, preguntas, etc).

3.5.- Tutoría coas familias.

En caso de confinamento breve do alumnado os martes de 17 a 18 horas será o día establecido para as tutorías coas familias (con cita previa).

En caso de confinamento do grupo ou peche do centro establecerase unha hora diaria de 12:30 a 13 horas (tempo de recreo) para tutorías co alumnado a través de chamada ou videochamada, no caso de que así o soliciten ou a través de cita previa (Abalar ou email) para informar sobre o progreso do alumnado.

4.- Procedemento de avaliación para o ensino non presencial.

O alumnado durante o tempo de confinamento ou corentena, se a súa situación persoal o permite, ten a obriga de continuar o seu traballo segundo o seu horario e planificación que determina o profesorado neste documento. Para a avaliación do alumnado terase en conta a asistencia e a participación nas actividades educativas que propoña o profesorado e o ditado na *Resolución do 18 de novembro de 2020 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Real Decreto lei 31/2020, do 29 de setembro polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da educación non universitaria. Publicada pola Consellería de Educación no DOG do 25 de novembro de 2020.*

5.- Normas de organización e funcionamento para o ensino a distancia.

En primeiro lugar, debemos ter en conta que os **dereitos e deberes** para o alumnado e profesorado seguirán sendo os mesmos.

En canto ao resto de normas, en xeral, serán as mesmas. Os cambios, debido á nova situación de peche, están recollidos no Plan de Continxencia citado anteriormente.

Principalmente deberemos ter en conta que será considerada como **aula**, a todos os efectos, a **aula virtual**.